

MÓNICA BLANCO ARES

**ECONOMISTA E VOLUNTARIA
CEGA NA ASOCIACIÓN DE
NAIS E PAIS**

“Son o que son grazas á miña avoa”.



Nacín na Coruña un 26 de agosto de 1972. Por aquel tempo meus pais emigraran a Alemaña e miña nai regresou á Coruña para dar a luz. Despois de bautizarme e con pouco máis dun mes de vida, miña nai regresou a Alemaña deixándome ao coidado dos avós paternos para sempre.

Con todo, sentínme afortunada de ter sido criada por meus avós, era a primeira neta e bisneta nunha familia chea de homes. Fun unha nena moi querida por todo o entorno de meus avós e con eles vivín de aluguer detrás da igrexa de San Pedro de Mezonzo, á beira da Fábrica de Mistos onde traballou miña avoa.

Cando tiña 12 anos meus pais retornaron a Galicia, coincidía con eles nas vacacións de verán que pasabamos xuntos en Oleiros, momento que compartía tamén con meu irmán Pablo, nove anos máis novo e que sempre vivira con meus pais. Hoxe sei que miña nai ten un trastorno da personalidade que facía que moitas das situacións vividas e compartidas foran surrealistas, mais sempre tiveron a sorte de ser coidada por miña avoa.

Rematei o instituto e decidín estudar Económicas na Universidade da Coruña grazas ao esforzo económico de miña avoa. Logo comecei a traballar no departamento de administración dunha enxeñaría dedicada a proxectos de eficiencia enerxética. Cando

levaba sete anos traballando diagnosticáronme unha “*distrofia macular bilateral*”, unha enfermidade xenética dexenerativa que provoca cegueira e afecta á visión central, diúrna e á percepción das cores. A diagnose foi clara: enfermidade sen tratamento nin cura.

A verdade é que miña avoa desde pequena intuía que algo me pasaba na vista e estivo moi atenta desde a primeira infancia: levei gafas, parche para ollo vago e tomei vitaminas, logo fun diagnosticada de miopía e astigmatismo. Facía os controis anuais de vista e unha vida normal, por exemplo, saquei o carné de conducir sen dificultade.

Mais cando tiña 29 anos comecei a notar moita fatiga visual, pensaba que era polas moitas horas de ordenador, pero logo o meu ollo dereito foi empeorando mesmo para poder afiliarme á ONCE e, xa afiliada, contei co apoio e axudas ópticas, polo que puiden traballar dous anos máis até que tiveron que pedir a incapacidade.

Son o que son grazas a miña avoa e, inda que o diagnóstico foi un golpe, mantiven o tipo por ela, ao tempo que aproveitaba para coñecer outras persoas afiliadas da ONCE. Tiña 30 anos e un mozo desde había catro co que rachei a relación nese momento, sentía que non me apoiaba, estábamos xuntos desde

a inercia e non soubo ou non quixo axudarme. O mellor para min foi deixalo.

A partir dese momento a miña vida cambiou, pasei a coidar de miña avoa, coñecín á miña parella actual, que non ten problemas de visión, casei con el e tiveron dous fillos, polo que boa parte do meu tempo levouno a crianza. Por certo, antes de ser pais fixemos unha análise xenética para tomar a decisión, concluíuse que tiñamos a mesma probabilidade de ter fillos cegos que calquera parella sen antecedentes.

Nos últimos anos quixen saír da miña zona de confort e fun máis consciente das miñas limitacións. Saír á rúa é un esforzo diario, as barreiras son constantes, a cidade retrocedeu en accesibilidade, eliminaron os semáforos sonoros, no paseo marítimo non sei por onde podo cruzar, co risco que iso supón para min, polo que prefiro saír acompañada.

O do can guía non o valorei nunca pero si o do bastón. De feito, dende que me afiliei teño o bastón preparado para usalo cando o precise realmente. Algunha vez saín con bastón, pero síntome unha “*impostora*”, ademais de que ter unha man ocupada faime máis torpe. O meu diagnóstico é que mantereirei o campo visual, o que me permite deambular con

certa seguridade, pero o certo é que recentemente veño de sufrir varias caídas na rúa que me fixeron acelerar as prácticas de bastón na ONCE.

Hai dous anos comecei a estudar francés na Escola Oficial de Idiomas e pasei a formar parte da directiva da ANPA do IES Agra do Orzán, pero o certo é que estiven moitos anos sen ler porque, ao non ter visión central, aféctame sobre todo á lectura. Resistíame a empregar audiolibros a pesar de ter na ONCE unha ampla oferta deles, pero o feito concreto é que non asimilo igual a lectura falada que a escrita, e iso faime botar en falta a tinta, porque o meu cerebro estaba acostumado a procesar a letra impresa.

Agora teño retos desde diferentes ámbitos: apetéceme desfrutar da familia, traballar a horta e facer o camiño de Santiago no 2025. Para todos eses retos teño de referente a miña avoa Lola, unha traballadora incansable e polifacética, modista e con conciencia da defensa da posición da muller dentro e fóra da casa, que ademais foi coidadora de boa parte da súa familia e unha loitadora para afrontar todas as dificultades que tivo na vida.